



## **Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei**

24 de decembro de 2020

Boas noites,

Diríxome a vós nesta Noiteboa cando estamos a vivir unhas circunstancias verdadeiramente excepcionais debido á pandemia.

Moitas familias non vos puidestes reunir esta noite como tiñades pensado polas medidas sanitarias; e en milleiros de fogares hai un baleiro imposible de encher polo falecemento dos vosos seres queridos, aos que quero agora lembrar con emoción e con todo respecto. Unha lembranza que enche de sentimentos moi profundos os nosos corazóns. E tamén, nestes momentos, moitos cidadáns loitades contra a enfermidade ou as súas secuelas nas vosas casas, en hospitais ou en residencias. A todos vos envío especialmente hoxe o meu maior ánimo e afecto.

2020 foi un ano moi duro e difícil. O virus irrompeu nas nosas vidas traendo sufrimento, tristura ou temor; alterou o noso xeito de vivir e traballar, e afectou gravemente á nosa economía, mesmo paralizano ou destruindo moitas empresas.

Moitos cidadáns e familias vivides a angustia do desemprego ou a precariedade; a angustia de apenas chegar a cubrir as necesidades básicas; ou sentides a tristura de ter que abandonar un negocio ao que dedicastes a vosa vida. Por todo iso é lóxico e comprensible que o desánimo ou a desconfianza estean moi presentes en tantos fogares.

E, non obstante a resposta a unha crise tan seria como a que estamos a vivir non pode vir da man de máis desánimo ou de máis desconfianza. A situación é grave. Pero, aínda así, temos que afrontar o futuro con determinación e seguridade en nós mesmos, no que somos capaces de facer unidos, con ánimo e esperanza; con confianza no noso país e no noso modelo de convivencia democrática.

Temos motivos para iso; porque ao longo das últimas décadas, ante dificultades tamén graves, sempre fomos capaces de superalas. E esta situación que estamos a vivir non vai ser distinta das demais; porque nin o virus nin a crise económica nos van dobrear.

Sobre a situación sanitaria, é claro que a superación desta enfermidade chegará grazas á ciencia e á investigación. Os novos tratamentos contra o virus e o desenvolvemento das vacinas que están en marcha ofrécennos xa unha grande esperanza. Pero, mentres tanto, temos moito que facer.

A responsabilidade individual segue sendo imprescindible e é un instrumento efectivo de loita contra o virus. Por iso é tan importante manernos previstos e non baixar a garda.

Aos sanitarios dámoslles unha vez máis as grazas polo seu enorme esforzo, a súa extraordinaria profesionalidade e a súa grande humanidade cos enfermos. Fixeron fronte aos primeiros embates do virus en situacións extremas e tamén de desbordamento nalgúns dos nosos hospitais. Hoxe seguen a afrontar esta loita cunha gran carga emocional e física sobre as súas costas. Pedímoslles que manteñan todo o ánimo e toda a fortaleza e que sigan coidando da nosa saúde.

O outro gran problema e reto é a crise económica e evitar, sobre todo, que derive nunha crise social. Cada persoa importa e moito. Polo tanto, as persoas e as familias deben ser a nosa preocupación fundamental. Especialmente os nosos mozos; o seu nivel de desemprego é altísimo, e non poden ser os perdedores desta situación. A nosa xuventude merece ter a formación máis adecuada, crecer persoal e profesionalmente, e poder levar a cabo os seus proxectos. España non pode permitirse unha xeración perdida.

Protexer os máis vulnerables e loitar contra as desigualdades que a pandemia creou ou agravou é unha cuestión de dignidade entre os que formamos unha mesma comunidade política. Pero tamén será fundamental recuperar a nosa economía.

E para iso é decisivo fortalecer o tecido empresarial e produtivo, industrial e de servizos. O recoñecemento e o apoio ás nosas empresas, a protección aos nosos autónomos e comerciantes, tan golpeados estes meses, será imprescindible para crear emprego, ese emprego que tanto necesita o noso país. Necesitamos, polo tanto, consolidar as bases que nos dean un horizonte claro de impulso, estabilidade e confianza económica, que anime o investimento e a creación de postos de traballo.

Os retos sanitarios, económicos e sociais aos que nos enfrontamos son, polo tanto, grandes... enormes, pero non insalvables. Superalos constitúe un grande obxectivo nacional que a todos nos debe de unir; que, como cidadáns, nos compromete e nos obriga a todos; con nós mesmos, cos demais e co noso país.

E iso require un grande esforzo colectivo, un grande esforzo no que cada un siga dando o mellor de si mesmo en función das súas responsabilidades e na medida das súas capacidades.

Para ese grande esforzo nacional contamos en primeiro lugar co máis importante: coas persoas; co exemplo de miles de cidadáns que puxeron o seu traballo ao servizo dos demais, que viviron estes últimos meses con abnegación, compromiso e unha gran xenerosidade. Persoas que estimulan o noso ánimo de superación e das que debemos sentirnos xustamente orgullosos.

Todo iso o comprobamos persoalmente a Raíña e eu durante este tempo. No campo e no mar; nas vilas e nas cidades; nos mercados, nas fábricas vimos a coraxe e o nervio deste país. Sentimos o pulso da nosa sociedade que, malia todo, mantivo a España en pé.

Os dous temos na nosa memoria a imaxe viva deses miles de cidadáns que representan a unha sociedade que se sentiu máis unida que nunca na súa loita e resistencia fronte a unha situación tan adversa; unha sociedade que conta con organizacións solidarias e eficaces para que ninguén se sinta só ou desamparado; unha sociedade que soportou estes meses tan duros con enteireza, responsabilidade e serenidade.

Contamos, polo tanto, cunha sociedade forte e tamén cun Estado sólido. Durante todo este tempo, tanto os servizos públicos e básicos, coma as empresas en sectores esenciais funcionaron ben, procurando poñer todos os medios ao seu alcance. A pandemia revelounos aspectos que necesitan ser mellorados e reforzados, pero tamén nos mostra as nosas fortalezas como Estado avanzado. Comprobámolo por exemplo coa eficacia e entrega das nosas Forzas Armadas, dos nosos Corpos de Seguridade, Protección Civil e servizos de Emerxencias, e outros moitos servidores públicos, que demostraron, a súa vocación de servizo e a súa plena sintonía coa nosa sociedade.

E Europa é tamén moi importante para afrontar esta crise. Contamos coa Unión Europea, que asumiu un compromiso firme coa sostibilidade e recuperación económica fronte a esta pandemia. A Unión ofrécenos unha oportunidade histórica para progresar e avanzar; abre unha nova época para que España se una a un proxecto común para modernizar a nosa economía; adaptar as nosas estruturas produtivas á nova revolución industrial, tecnolóxica e ambiental que vivimos. E asentar con ambición e cohesión o noso papel colectivo como membros da UE ante o mundo.

E contamos sobre todo co noso sistema de convivencia democrática. Nun tempo no que a pandemia e as súas consecuencias económicas e sociais provocan tanta incerteza, a nosa Constitución garántenos o noso modo de entender a vida, a nosa visión da sociedade e do ser humano; da súa dignidade, dos seus dereitos e liberdades. Unha Constitución que todos temos o deber de respectar; e que nos nosos días, é o fundamento da nosa convivencia social e política; e que representa, na nosa historia, un éxito de e para a democracia e a liberdade.

Non esquezamos que os avances e o progreso conseguidos en democracia son o resultado do reencontro e o pacto entre os españois despois dun longo período de enfrontamentos e divisións. Son o resultado de querer mirar xuntos cara ao futuro, unidos nos valores democráticos; unidos nun espírito sempre integrador, no respecto á pluralidade e ás diferenzas, e na capacidade de dialogar e alcanzar acordos. Son principios que non perden nunca vixencia no pasar dos anos.

E xunto aos nosos principios democráticos e o cumprimento das leis necesitamos tamén preservar os valores éticos que están nas raíces da nosa sociedade.

Xa en 2014, na miña Proclamación ante as Cortes Xerais, referinme aos principios morais e éticos que os cidadáns reclaman das nosas condutas. Uns principios que nos obrigan a todos sen excepcións; e que están por enriba de calquera consideración, da natureza que sexa, mesmo das persoais ou familiares.

Así o entendín sempre, en coherencia coas miñas conviccións, coa forma de entender as miñas responsabilidades como Xefe do Estado e co espírito renovador que inspira o meu Reinado dende o primeiro día.

Sempre pensei que España é un país extraordinario, dunha enorme riqueza e diversidade cultural, construído ao longo dos séculos grazas ao esforzo en moitas xeracións de españois, e cunha grande historia que foi, durante unha época, a historia mesma do noso mundo.

Non somos un pobo que se renda ou que se resigne nos malos tempos. Non vai ser nada doado superar esta situación, e en cada casa sabédelo ben. Pero eu estou seguro de que imos saír adiante. Con esforzo, unión e solidariedade, España sairá adiante. Con todos e para todos. E como Rei, eu estarei con todos e para todos, non só porque é o meu deber e a miña convicción, senón tamén porque é o meu compromiso con todos vós, con España.

Non será difícil que o ano 2021 mellore a este 2020. Imos recuperar no posible a normalidade nos lugares de traballo, nas aulas, nas prazas e nos barrios; nos comercios, nos mercados, nos bares; nos cines, nos teatros...; na vida cotiá que dá forma ao carácter dunha sociedade como a nosa.

É o que todos queremos. E na seguridade de que así será, a Raíña, a Princesa de Asturias, a Infanta Sofía e eu agradecemosvos moi sinceramente todas as mostras de afecto e apoio que nos transmitistes este ano, e desexámosvos un Bo Nadal e todo o mellor para un 2021 especialmente cheo de esperanza.

Eguberri on. Bon Nadal e Boas festas.